

BOLSAS MEC 2024-2025

ENSINANZAS

- a) 1º e 2º de bacharelato
- b) Ciclos formativos de grado medio e superior
- c) Ensinanzas artísticas profesionais
- d) Ensinanzas deportivas
- e) Ensinanzas artísticas superiores
- f) Estudos relixiosos superiores
- g) Estudos de idiomas da Escola Oficial de Idiomas
- h) Formación Profesional Básica
- i) Ensinanzas universitarias

PROCEDEMENTO

- 1. Presenta a solicitude a partir da convocatoria da bolsa 19 de marzo ata 10 de maio.**

Deberase cumprimentar mediante o formulario accesible por vía telemática a través da sede electrónica <https://sede.educacion.gob.es> ou <https://www.educacionyfp.gob.es>

Aínda que non teñas claro que vas estudar o que nota vas ter neste curso, tes que presentar a bolsa nos prazos anteriormente indicados. Máis adiante poden modificarse os datos e quizais teñas que aportar algún documento a maiores. Por elo, é necesario que prepares o borrador con tempo.

Unha vez completada a solicitude terás unha opción para presentala. Ten en conta que:

- Se tes todo correcto poderás descargar o xustificante como garantía da presentación da bolsa. Aparecerá una mensaxe de **PRESENTADA**.

- Se a túa bolsa aparece en **BORRADOR** non poderá ser presentada. Comproba se che falta algún dato.

2. Comprobarán se reúnes os requisitos e os datos están correctos.

Este trámite lévao a cabo a unidade de bolsas, posiblemente poidanche pedir algún dato máis. A continuación consultarán os teus datos económicos. Por iso, cando consultes na sede electrónica o teu estado da bolsa pode ser:

- En trámite na unidade de bolsas
- En trámite no Ministerio de Educación

3. Te informarán se reúnes os requisitos económicos.

Envíase unha notificación ao cartafol “as miñas notificacións” para informarte se reúnes ou non os requisitos económicos. Ademais, de reunir estes requisitos débense reunir os requisitos académicos e requisitos xerais que aparecen na convocatoria da bolsa. Se non reúnes algún dos requisitos informarásese do prazo que tes para facer as alegacións.

4. Alegacións.

Informarásese do prazo para facer as alegacións. O curso anterior foi do 7 ao 23 de setembro. Lembra que debes revisar a información de tipo académico que anotaches na túa solicitude. Se variou, terás que corrixila nese prazo. Se non o fas, a túa solicitude non poderá resolverse adecuadamente e poderás ter atrasos.

5. Comunicación da beca.

Comunicaranche se che corresponde ou non mediante unha notificación no teu cartafol “miñas notificacións”. Se non estás de acordo poderás reclamar no prazo de 10 días.

6. Recibes o importe da beca.

Unha vez que recibes a notificación, abonaremos na túa conta a cantidade que che corresponde. A bolsa ten unha parte fixa e outra variable, polo que é posible que recibas varios pagos.

7. Publicación das listaxes definitivas.

Publicarase na páxina web do Ministerio unha listaxe definitiva de bolseiros onde aparecen a contía da bolsa que se che comunicou con anterioridade.